

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

NOITE DA EDICIÓN

'Fin de século en Palestina', mellor libro galego do ano

Canda a Murado, a Asociación de Editores premiou a Fernández Paz como mellor autor, e tamén recoñeceu a Xesús Fraga, Xosé Cobas e Elvira Riveiro.

Redacción - 00:22 20/12/2008

A [Asociación Galega de Editores](#) entregou este venres os seus premios, na IV Noite da Edición, que se celebrou no Verbum de Vigo e que reuniu a unha ampla representación da cultura galega, comezando pola propia conselleira Ánxela Bugallo. A AGE recoñeceu o *Fin de Século en Palestina* (Galaxia), de Miguel Anxo Murado, como mellor libro do ano. O pasado ano Murado recibiu tamén o galardón á mellor obra, desta vez nos premios da Asociación de Escritores, e por *O soño da febre*.

O outro gran triunfador da noite foi Agustín Fernández Paz, distinguido co premio ao 'autor do ano'. Este recoñecemento chega dous meses despois de obter o premio ao mellor libro de literatura infantil e xuvenil do Estado por *O único que queda é o amor*.

No resto das categorías triunfaron Xosé Cobas, que se fixo co 'Isaac Diaz Pardo' ao libro ilustrado polo seu traballo para *O libro das viaxes imaxinarias* (Xerais), con texto de Xabier Docampo. O *Lolita* (Faktoria K) de Xesús Fraga foi considerado a mellor tradución do 2008, mentres que a poeta Elvira Riveiro resultou gañadora na categoría de Libro infantil e xuvenil deste ano con *PAIAbrAs brAncAs*, álbum con ilustracións de Fino Lorenzo que fora finalista do Premio Merlín de literatura infantil 2007. O Verbum foi, máis ca nunca, a casa das palabras.

Novas relacionadas

- [Murado, Beramendi e Fernández Paz, favoritos nos Premios da Edición](#)